

GAL

**Proceso selectivo extraordinario de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso-oposición, para o ingreso no grupo II de persoal laboral fixo da Fundación Pública Galega para a Tutela de Persoas Adultas (FUNGA), entidade instrumental do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia**

Acceso: libre

**NON abra o exame ata que o tribunal llo indique**

## **Primeira parte: cuestionario teórico tipo test**

---

**1.- Segundo o artigo 8 da Constitución Española as bases da organización militar regularanse por?**

- a) Decreto lexislativo
- b) Lei ordinaria
- c) Unha disposición regulamentaria
- d) Lei orgánica

**2.- Segundo o artigo 54 da Constitución Española, o Defensor do Pobo configúrase constitucionalmente como o alto comisionado das Cortes Xerais para:**

- a) A defensa da Constitución Española
- b) A defensa dos dereitos contemplados na Constitución
- c) A defensa da actividade da Administración
- d) A defensa dos dereitos contemplados no Título I da Constitución

**3.- Segundo o artigo 141 da Constitución Española, (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA):**

- a) Non se poderán crear agrupacións de municipios diferentes da provincia
- b) A provincia é unha entidade local con personalidade xurídica propia
- c) Calquera alteración dos límites provinciais haberá de ser aprobada polas Cortes Xerais mediante Lei orgánica
- d) O Goberno e a administración autónoma das provincias estarán encomendadas a Deputacións ou outras Corporacións de carácter representativo.

**4.- En caso de non prosperar a iniciativa autonómica tramitada pola vía do artigo 143 da Constitución Española, soamente poderá reiterarse transcorridos:**

- a) 5 anos
- b) 6 anos
- c) 3 anos
- d) 1 ano

**5.- Segundo o artigo 147 da Constitución Española, a reforma dos Estatutos de Autonomía axustarase ao procedemento establecido nos mesmos e requirirá, en todo caso:**

- a) A aprobación polo Senado
- b) A aprobación polas Cortes Xerais mediante Lei orgánica
- c) A aprobación polas Cortes Xerais mediante Lei ordinaria

d) A aprobación polo Goberno mediante Real Decreto, expedido polo Rey.

**6.- Segundo o artigo 148 da Constitución Española, as Comunidades Autónomas poderán asumir competencias en materia de:**

- a) Estatísticas para fins estatais
- b) Artesanía
- c) Autorización para a convocatoria de consultas populares por vía de referendo
- d) Mariña mercante e abandeiramento de buques

**7.- Sen prexuízo da xurisdición que corresponda ao Tribunal Supremo, segundo o artigo 152 da Constitución Española, no ámbito territorial dunha Comunidade Autónoma culminará a organización xudicial con:**

- a) Unha Audiencia Territorial
- b) As Audiencias provinciais
- c) A Audiencia Nacional
- d) Un Tribunal Superior de Xustiza

**8.- Segundo o artigo 1 da Constitución Española, a xustiza é:**

- a) Un fundamento da orde política e da paz social
- b) Unha garantía dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas
- c) Un valor superior do ordenamento político
- d) Ningunha das anteriores é correcta

**9.- De acordo coa Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, a formación de Grupos Parlamentarios:**

- a) Será determinada polo Pleno reunido en sesión extraordinaria.
- b) Será fixada polos Grupos Parlamentarios en proporción ao número dos seus membros.
- c) Será determinada pola Comisión do Parlamento.
- d) O Regulamento precisará o número mínimo de Deputados para a formación de Grupos Parlamentarios.

**10.- De acordo co artigo 13 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, a iniciativa lexislativa corresponde.**

- a) Ao Parlamento.
- b) Á Xunta.
- c) Aos Deputados.
- d) Todas as respostas son correctas.

**11.- De acordo co artigo 23 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, o Presidente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia será nomeado:**

- a) Polo Consello Xeral do Poder Xudicial a proposta dos Maxistrados, Xuíces e Secretarios do Tribunal Superior de Xustiza.
- b) Polo Consello Xeral do Poder Xudicial co referendo do Rey.
- c) Polo Presidente da Xunta a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.
- d) Polo Rey a proposta do Consello Xeral do Poder Xudicial.

**12.- De acordo co artigo 27 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a competencia exclusiva:**

- a) As normas procesuais e procedementos administrativos que se deriven do específico dereito galego ou da organización propia dos poderes galegos.
- b) Reserva ao sector público de recursos ou servizos especiais, especialmente en caso de monopolo e intervención de empresas cando o esixa o interese xeral.
- c) Salvamento marítimo.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**13.- De acordo co artigo 28 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, é competencia da Comunidade Autónoma galega o desenvolvemento lexislativo e a execución da lexislación do Estado nos termos que a mesma establece:**

- a) As feiras e mercados interiores.
- b) Asistencia social.
- c) Entidades cooperativas.
- d) A artesanía.

**14.- De acordo co artigo 29 da Lei Orgánica, 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de autonomía para Galicia, corresponde á Comunidade Autónoma galega a execución da lexislación do Estado en:**

- a) Establecementos farmacéuticos.
- b) Ordenación do territorio e do litoral, urbanismo e vivenda.
- c) Propiedade industrial e intelectual.
- d) Réxime xurídico dos montes veciñais en man común.

**15.- De acordo co artigo 35 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, serán motivados:**

- a) Os acordos de aplicación da tramitación de urxencia, de ampliación de prazos e de realización de actuacións complementarias.
- b) Os actos que se diten no exercicio de potestades discrecionais, así como os que deban selo en virtude de disposición legal ou regulamentaria expresa.
- c) Os actos que limiten dereitos subxectivos ou intereses lexítimos.
- d) Todas as respostas son correctas.

**16.- De acordo co artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:**

- a) Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de cinco días a partir da data en que o acto fose ditado.
- b) Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de dez días a partir da data en que o acto fose ditado.
- c) Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo de quince días a partir da data en que o acto fose ditado
- d) Toda notificación deberá ser cursada dentro do prazo dun mes a partir da data en que o acto fose ditado

**17.- De acordo co artigo 48 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, son anulables:**

- a) Os actos administrativos que lesionen os dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional.
- b) Os actos administrativos que teñan un contido imposible.
- c) Os actos da Administración que incorran en calquera infracción do ordenamento xurídico, incluso a desviación de poder.
- d) Os actos ditados prescindindo total e absolutamente do procedemento legalmente establecido.

**18.- De acordo co artigo 53 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, é un dereito do interesado nun procedemento administrativo:**

- a) Ser recibido nas dependencias administrativas da unidade competente que tramite o seu expediente.
- b) A coñecer, en calquera momento, o estado da tramitación dos procedementos nos que teñan a condición de interesados.
- c) A identificar as autoridades e ao persoal ao servizo das Administracións Públicas baixo cuxa responsabilidade se tramiten os procedementos.
- d) As respostas b e c son correctas.

**19.- A emisión de informes prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:**

- a) Salvo disposición expresa en contrario, será vinculante.
- b) Os informes serán emitidos a través de medios electrónicos e de acordo cos requisitos que sinala o artigo 26 no prazo de dez días, salvo que unha disposición ou o cumprimento do resto dos prazos do procedemento permita ou esixa outro prazo maior ou menor.
- c) Na petición de informe non é necesario indicar os extremos polos que se solicita.
- d) De non emitirse o informe no prazo sinalado, non se poderá proseguir coas actuacións.

**20.- De acordo co artigo 115 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, na interposición do recurso administrativo:**

- a) Deberase expresar o acto que se recorre e a razón da súa impugnación.
- b) Deberase expresar o nome e apelidos do recorrente, así como a identificación persoal do mesmo
- c) O erro ou a ausencia da cualificación do recurso por parte do recorrente non será obstáculo para a súa tramitación, sempre que se deduza o seu verdadeiro carácter.
- d) Todas as respostas son correctas.

**21.- De acordo co artigo 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:**

- a) O prazo para ditar e notificar a resolución do recurso de alzada será de dous meses.
- b) Contra a resolución do recurso de alzada, cabe recurso potestativo de reposición.
- c) O prazo para a interposición do recurso de alzada será dun mes, se o acto fóra expreso.
- d) O prazo para a interposición do recurso de alzada será de tres meses, se o acto fóra expreso.

**22.- A Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia, promoverán de forma particular, segundo o artigo 5.2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, o desenvolvemento de servizos públicos dixitais que: (SINALE A RESPONSA CORRECTA):**

- a) Atendan de maneira xeneralizada á cidadanía, tendo en conta as súas circunstancias
- b) Promovan actuacións simplificadas ou automatizadas que reduzan os tempos de atención, podendo aumentar os de resolución administrativa
- c) Promovan a prestación de servizos conxuntos entre os órganos da Administración xeral ou os órganos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, orientados á atención das necesidades da sociedade
- d) Promovan a prestación de servizos dispersos entre os órganos da Administración xeral ou os órganos das entidades públicas instrumentais do sector público autonómico, orientados á atención das necesidades da sociedade

**23.- De acordo co artigo 9 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, quen determinará as medidas necesarias para garantir que os cidadáns galegos e cidadás galegas residentes fora de Galicia e as entidades galegas asentadas fora de Galicia teñan acceso por medios electrónicos aos servizos públicos dixitais que lles sexan de aplicación ?:**

- a) A Administración Xeral
- b) A Consellería competente en materia de Administración Dixital
- c) A Secretaría de Estado de Comunicaci3ns
- d) A Xunta de Galicia

**24.- De acordo co artigo 13 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, que lingua será a utilizada como lingua de contacto inicial ?:**

- a) O galego
- b) O castelán
- c) O galego e o castelán, indistintamente
- d) A que elixa o cidadán ou a cidadá

**25.- De acordo co artigo 18 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA)**

- a) Corresponde á consellería con competencias en materia de Función Pública a coordinación, cos órganos e entidades do sector público autonómico, dos contidos e servizos dispoñibles na sede electrónica da Xunta de Galicia
- b) A entidade do sector público autonómico con competencia en desenvolvemento dixital será a responsable da xestión tecnolóxica e da continuidade, accesibilidade e seguridade da sede electrónica da Xunta de Galicia
- c) A entidade do sector público autonómico con competencia en desenvolvemento dixital será a responsable dos contidos e servizos comúns dispoñibles na sede electrónica
- d) A titularidade da sede electrónica da Xunta de Galicia corresponde á Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e ás entidades públicas instrumentais incluídas no seu ámbito

**26.- Cal destes principios NON está desenvolto no articulado do capítulo III do Título Preliminar da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público ?:**

- a) Tipicidad
- b) Proporcionalidade
- c) Legalidade
- d) Coordinación

**27.- Conforme ao artigo 30 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, en relación co prazo de prescrición das sancións: (SINALA A RESPOSTA INCORRECTA):**

- a) As sancións impostas por faltas moi graves prescribirán aos tres anos
- b) Comezará a contarse desde o día en que sexa notificada a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrela
- c) Comezará a contarse desde o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recorrela
- d) As sancións impostas por faltas graves prescribirán aos dous anos

**28.- Segundo o establecido no artigo 33.2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, cando a responsabilidade de varias administracións na produción do dano se derive da xestión por medio de fórmulas conxuntas de actuación: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA):**

- a) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de competencia, interese público tutelado e intensidade da intervención
- b) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios de financiamento da intervención
- c) As Administracións intervenientes responderán fronte ao particular, en todo caso, de forma solidaria
- d) A responsabilidade fixarase para cada Administración atendendo aos criterios establecidos no instrumento xurídico regulador.

**29.- De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, a Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia constituída por: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) Órganos e entes xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica propia
- b) Órganos xerarquicamente ordenados e dirixida polo Presidente da Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica propia
- c) Órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa sen personalidade xurídica plena
- d) Órganos xerarquicamente ordenados e dirixida pola Xunta de Galicia, actúa con personalidade xurídica única

**30.- De acordo co establecido no artigo 5 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) A encomenda de xestión, a delegación de firma e a suplencia supoñen alteración da titularidade da competencia e dos elementos substantivos do seu exercicio que en cada caso se prevexan



- b) A titularidade e o exercicio das competencias atribuídas aos órganos administrativos poderán ser descentralizadas noutros xerarquicamente dependentes daqueles nos termos e cos requisitos que prevexan as propias normas de atribución de competencias
- c) A competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é irrenunciábel, e será exercida precisamente polos órganos que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación ou avocación, nos termos previstos na lei
- d) A competencia dos órganos da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia é irrenunciábel, e será exercida precisamente polos órganos que a teñan atribuída como propia, salvo nos casos de delegación ou encomenda de xestión, nos termos previstos na lei.

**31.- De acordo co establecido no artigo 8 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación a encomenda de xestión intrasubxectiva: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA):**

- a) A encomenda de xestión a órganos pertencentes á mesma consellería deberá ser autorizada pola persoa titular da consellería correspondente
- b) A encomenda de xestión intrasubxectiva supón cesión de titularidade da competencia e dos elementos substantivos do seu exercicio
- c) A encomenda de xestión intrasubxectiva deberá ser publicada no Diario Oficial de Galicia
- d) Para a encomenda de xestión a órganos pertencentes a diferente consellería ou dependentes de diferente consellería será precisa a autorización do Consello da Xunta

**32.- De acordo co establecido no artigo 13 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, sobre o conflito de atribucións : (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA):**

- a) Na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia os conflitos de atribucións só se poderán suscitar entre órganos relacionados xerarquicamente, e respecto de asuntos sobre os cales non finalizase o procedemento administrativo
- b) Nos conflitos negativos, o órgano que se considere incompetente remitirá as actuacións ao órgano que considere competente
- c) Nos conflitos positivos, o órgano que se considere competente requirirá de inhibición a aquel que coñeza do asunto
- d) Contra a resolución dos conflitos de atribucións positivos ou negativos entre órganos dunha mesma consellería non cabe recurso.

**33.- De acordo co establecido no artigo 22 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) Os órganos colexiados da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cuxas funcións sexan exclusiva ou principalmente emitir informes ou propostas, asesorar ou resolver consultas denominaranse comités

- b) A composición e as funcións dos órganos colexiados regulados no artigo 22.2 determinaranse nas normas de creación respectivas e os seus informes non terán carácter vinculante, salvo disposición legal en sentido contrario
- c) A composición e as funcións dos órganos colexiados regulados no artigo 22.2 determinaranse nas normas de creación respectivas e os seus informes terán carácter vinculante, salvo disposición legal en sentido contrario
- d) A composición e as funcións dos órganos colexiados regulados no artigo 22.2 determinaranse por Decreto da Xunta de Galicia e os seus informes terán carácter vinculante, salvo disposición legal en sentido contrario.

**34.- De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, as secretarías xerais e as secretarías xerais técnicas son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- b) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias, as secretarías xerais, as secretarías xerais técnicas e as secretarías territoriais son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) A Presidencia da Xunta de Galicia, as consellerías, a vicepresidencia ou vicepresidencias e as secretarías xerais son órganos superiores da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia
- d) As respostas a),b) e c) son incorrectas

**35.- Segundo o disposto no artigo 26 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, as persoas titulares das secretarías xerais serán nomeadas?**

- a) Por decreto do Consello da Xunta
- b) Por orde da persoa titular da consellería en cuxa estrutura se integren
- c) Por decreto da persoa titular da presidencia da Xunta
- d) Por orde da persoa titular da vicepresidencia da Xunta

**36.- Segundo o disposto no artigo 32 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) En cada dirección xeral, e baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular desta, existirá unha vicesecretaría xeral con nivel orgánico de subdirección xeral
- b) En cada secretaría xeral técnica, e baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular desta, poderá existir unha vicesecretaría xeral con nivel orgánico de subdirección xeral

- c) En cada dirección xeral, e baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular desta, poderá existir unha vicesecretaría xeral con nivel orgánico de subdirección xeral
- d) En cada secretaría xeral técnica, e baixo a inmediata dependencia xerárquica da persoa titular desta, existirá unha vicesecretaría xeral con nivel orgánico de subdirección xeral

**37.- De acordo co establecido no artigo 2 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia, a presente lei será de aplicación a: (SINALE A RESPONSTA CORRECTA)**

- a) Nos casos nos que así se indique expresamente, as relacións entre o sector público autonómico e as restantes administracións públicas, dentro do ámbito estatal, con pleno respecto ás competencias destas, nos casos que proceda
- b) As relacións entre a cidadanía e o sector privado, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia
- c) A Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración Dixital de Galicia non menciona no devandito artigo, as relacións entre o sector público autonómico coas restantes administracións públicas ou a cidadanía
- d) Nos casos nos que así se indique expresamente, as relacións entre o sector público autonómico e as restantes administracións públicas, dentro do ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, con pleno respecto ás competencias destas.

**38.- A cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e compoñentes técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade constitúen un dos fins da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia. De acordo co artigo 3 desta lei, esta cooperación prestará especial atención: (SINALE A RESPONSTA CORRECTA)**

- a) Á Administración local galega
- b) Á Administración Xeral do Estado
- c) Á Comunidade Autónoma de Galicia
- d) Ás entidades instrumentais do sector público autonómico

**39.- Segundo o disposto no artigo 5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cal das seguintes afirmacións é INCORRECTA respecto do deber de confidencialidade no tratamento de datos persoais?**

- a) Os responsables e encargados do tratamento de datos, así como todas as persoas que interveñan en calquera fase estarán suxeitas ao deber de confidencialidade ao que se refire o artigo 5.1.f) do Regulamento (UE) 2016/679
- b) O deber de confidencialidade será excluínte dos deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable
- c) O deber de confidencialidade será complementario dos deberes de secreto profesional de conformidade coa súa normativa aplicable

d) O deber de confidencialidade manterase aínda cando finalizase a relación do obrigado co responsable ou encargado do tratamento.

**40.- De acordo co artigo 26 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, poden ser desempeñados por persoal laboral:**

- a) Os postos cuxas actividades sexan propias de oficios.
- b) Os postos de natureza non permanente.
- c) Aqueles cuxas actividades se dirixan a satisfacer necesidades de carácter periódico e descontinuo.
- d) Todas as respostas son correctas.

**41.- De acordo co artigo 27 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a prestación de servizos en réxime de persoal laboral temporal non constitúe mérito preferente para o acceso á condición de persoal laboral fixo, non obstante:**

- a) O tempo de servizos prestados será un criterio de desempate no suposto de concurso-oposición.
- b) O tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición ou de concurso, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.
- c) O tempo de servizos prestados computarase nos supostos de concurso-oposición ou de concurso, nos termos que se establezan na correspondente oferta de emprego público.
- d) O tempo de servizos prestados computarase unicamente nos supostos de concurso, nos termos que se establezan na correspondente convocatoria.

**42.- De acordo co artigo 28 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as relacións de postos de traballo serán obxecto das modificacións necesarias para axustalas á creación de postos derivados de sentenzas xudiciais firmes:**

- a) A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de seis meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
- b) A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo dun ano, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
- c) A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de tres meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.
- d) A proposta de modificación da relación de postos de traballo deberá efectuarse no prazo máximo de dezoito meses, a contar a partir da data da firmeza da sentenza xudicial.

**43.- De acordo co artigo 89 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, non se incluírán nos concursos para a provisión de postos de traballo:**

- a) Os postos ocupados por persoal funcionario interino.
- b) Os postos ocupados en comisión de servizos.

c) Os postos de traballo que teñan adscrito persoal funcionario de carreira por motivos de saúde ou rehabilitación.

d) Deberanse incluír todos os postos de traballo vacantes no momento da convocatoria.

**44.- De acordo co artigo 97 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, para o desempeño en adscrición provisional dun posto de traballo:**

a) Non é necesario cumprir os requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

b) É necesario ter unha antigüidade mínima na Administración de dous anos.

c) Non é necesario pertencer ao corpo ou escala que estableza a relación de postos de traballo.

d) En todo caso, o persoal funcionario de carreira debe pertencer ao corpo ou escala e reunir os demais requisitos que estableza a correspondente relación de postos de traballo.

**45.- De acordo co artigo 98 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a adscrición por motivos de saúde ou rehabilitación:**

a) A súa concesión deberá motivarse.

b) Pódese solicitar en relación cun familiar de segundo grao de consanguinidade ao seu cargo.

c) A denegación da adscrición deberá motivarse.

d) As respostas a) e c) son correctas.

**46.- De acordo co artigo 101 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira pode ser adscrito a un posto de traballo en comisión de servizos forzosa:**

a) Por un prazo máximo de seis meses cando por necesidades do servizo sexa urxente a súa provisión.

b) Por un prazo máximo de nove meses, prorrogable excepcionalmente por outros tres meses, cando por necesidades do servizo sexa urxente a súa provisión.

c) Por un prazo máximo de tres meses cando por necesidades do servizo sexa urxente a súa provisión.

d) Por un prazo máximo de seis meses, prorrogable excepcionalmente por outros tres meses, cando por necesidades do servizo sexa urxente a súa provisión.

**47.- De acordo co artigo 103 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na reasignación de efectivos se o posto de traballo estivese situado noutra localidade e como consecuencia diso o persoal funcionario afectado trasládase o seu lugar de residencia:**

a) Percibirá o abono dos gastos de aluguer dos tres meses seguintes á reasignación.

b) Terá preferencia e prioridade no seguinte concurso de traslados que se convoque.

- c) Percibirá o abono dos gastos de transporte de mobles e equipamento.
- d) Percibirá o abono dos gastos de viaxe e aluguer dos integrantes da unidade familiar que estean ao seu cargo.

**48.- De acordo co artigo 106 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario ten dereito á redución da xornada de traballo diaria:**

- a) Cunha redución proporcional dos seus haberes, para atender ao coidado do cónxuxe ou parella de feito.
- b) Para atender ao coidado dun familiar de primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, por un prazo máximo de tres meses.
- c) Para atender ao coidado dun menor en acollemento preadoptivo, permanente ou simple por razóns de enfermidade moi grave, concederase unha redución por horas completas de ata a metade da duración da xornada de traballo diaria por un prazo máximo dun mes.
- d) Por razóns de enfermidade moi grave dun familiar de ata segundo grao de consanguinidade ou afinidade concederase unha redución por horas completas de ata a metade da duración da xornada de traballo diaria por un prazo máximo de tres meses.

**49.- De acordo coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, NON se considera un permiso retribuído do persoal funcionario:**

- a) O permiso por falecemento, accidente ou enfermidade graves, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar
- b) O permiso por traslado de domicilio.
- c) O permiso por adopción, garda con fins de adopción ou acollemento.
- d) O permiso por asuntos propios.

**50.- De acordo co artigo 126 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, concederase unha licenza por risco no embarazo:**

- a) Cumprida a trixésimo oitava semana de xestación.
- b) En caso de embarazo múltiple.
- c) En caso de risco no embarazo, aínda que non sexa posible a adaptación das condicións de traballo, ou a mesma non elimine o risco.
- d) Nos casos de risco no embarazo previstos na lexislación de prevención de riscos laborais nos que non sexa posible a adaptación das condicións de traballo, ou a mesma non elimine o risco, nin sexa posible o cambio de posto ou de funcións da funcionaria embarazada.

**51.- De acordo co artigo 133 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o réxime da xornada de traballo, permisos, licenzas e vacacións do persoal laboral estarase ao disposto:**

- a) No V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

- b) No V Convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia e con carácter supletorio o disposto no capítulo IV do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril.
- c) No capítulo IV do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril e na lexislación laboral correspondente.
- d) No capítulo IV do Título VI da Lei 2/2015, do 29 de abril, exclusivamente.

**52.- De acordo co artigo 131 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, a licenza para supostos de hospitalización prolongada:**

- a) Terá ata tres meses de duración, con dereito a retribución
- b) Terá ata seis meses de duración, con dereito a retribución.
- c) Terá ata tres meses de duración, sen retribución.
- d) Terá ata un mes de duración, sen retribución.

**53.- De acordo co artigo 109 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia:**

- a) O persoal funcionario ten dereito a un permiso de dous días hábiles por traslado de domicilio se implica cambio de residencia a outra localidade.
- b) O persoal funcionario ten dereito a un permiso de tres días hábiles por traslado de domicilio se implica cambio de residencia a outra localidade.
- c) O persoal funcionario ten dereito a un permiso de dous días naturais por traslado de domicilio se implica cambio de residencia a outra localidade.
- d) O persoal funcionario ten dereito a un permiso de tres días naturais por traslado de domicilio se implica cambio de residencia a outra localidade.

**54.- De acordo co artigo 164 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, NON é unha situación administrativa do persoal funcionario de carreira:**

- a) Excedencia voluntaria.
- b) Servizo activo.
- c) Excedencia forzosa.
- d) Adscrición provisional.

**55.- De acordo co artigo 166 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, os períodos de duración dos permisos e vacacións do persoal funcionario:**

- a) Alteran a situación de servizo activo, así como os períodos de duración da incapacidade temporal para o servizo
- b) Alteran a situación de servizo activo, así como os períodos de duración da incapacidade temporal para o servizo e risco no embarazo.

c) Non alteran a situación de servizo activo, nin tampouco os períodos de duración da incapacidade temporal para o servizo, risco no embarazo ou risco durante o período de lactación natural.

d) Non alteran a situación de servizo activo, nin tampouco os períodos de duración da incapacidade temporal para o servizo, risco no embarazo, risco durante o período de lactación natural ou a excedencia voluntaria por interese particular.

**56.- De acordo co artigo 168 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, na situación de servizos especiais:**

a) Non se percibirán as retribucións do posto ou cargo que se desempeñe.

b) O tempo que se permaneza na situación de servizos especiais non se computa como prestado no posto de orixe a efectos de ascensos, recoñecemento de trienios e promoción interna.

c) Percibiranse as retribucións do posto ou cargo que se desempeñe e non as que correspondan como persoal funcionario de carreira sen prexuízo do dereito para percibir os trienios que se teñan recoñecidos en cada momento.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**57.- De acordo co artigo 172 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, son modalidades de excedencia voluntaria:**

a) Excedencia por agrupación familiar.

b) Excedencia por razón de violencia de xénero ou de violencia sexual.

c) Excedencia por coidado de familiares.

d) Todas as respostas son correctas.

**58.- De acordo coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, as vítimas de violencia de xénero ou de violencia sexual:**

a) Só terán dereito a obter un posto en adscrición provisional.

b) Concederáselle un permiso retribuído non superior a un ano nun intervalo de 18 meses.

c) Teñen dereito a solicitar a situación de excedencia sen que sexa esixible o requisito de prestar un tempo mínimo de servizos previos nin un prazo de permanencia nesta situación.

d) Terán preferencia para a obtención dun posto no seguinte concurso de traslados que se convoque.

**59.- Segundo o artigo 13 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, para os efectos establecidos no artigo 12.5 do Regulamento (UE) 2016/679, cando se poderá considerar repetitivo o exercicio do dereito de acceso do afectado polo tratamento de datos?:**

a) Cando teña lugar polo menos nunha ocasión durante o prazo de seis meses, a menos que exista causa lexítima para iso



- b) Sempre que teña lugar en máis de dúas ocasións durante un prazo de doce meses
- c) Cando teña lugar en máis dunha ocasión durante un prazo de seis meses, a menos que exista causa lexítima para iso
- d) Cando teña lugar en máis de dúas ocasións durante un prazo de nove meses, a menos que exista causa lexítima para iso

**60.- Segundo o artigo 63.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a que procedementos serán de aplicación as disposicións do Título VIII desta Lei?:**

- a) Aos procedementos nos que a Axencia Española de Protección de Datos investigue a existencia dunha posible infracción do disposto no mencionado Regulamento (UE) 2016/679 e na presente Lei orgánica
- b) A todos os procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos
- c) Aos procedementos tramitados pola Axencia Española de Protección de Datos nos supostos nos que un afectado reclame que non foi atendida a súa solicitude de exercicio dos dereitos recoñecidos nos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679
- d) As respostas a) e c) son correctas

**61.- Segundo o artigo 65.5 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, en que prazo se debe notificar ao reclamante a decisión sobre a admisión ou inadmisión a trámite da reclamación?**

- a) No prazo de tres meses
- b) No prazo dun mes
- c) No prazo de seis meses
- d) Non se establece o prazo nesta Lei orgánica

**62.- Segundo o artigo 68.1 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a quen lle corresponde ditar, cando así proceda, acordo de inicio de procedemento para o exercicio da potestade sancionadora?**

- a) Á Presidencia da Axencia Española de Protección de Datos
- b) Á persoa titular do Ministerio competente en materia de protección de datos
- c) Á persoa titular da Secretaría de Estado competente en materia de protección de datos
- d) Á persoa titular da Secretaría Xeral da Axencia Española de Protección de Datos

**63.- De acordo co artigo 6 do Decreto Legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, a quen lle corresponde a difusión dos valores da igualdade de oportunidades e a defensa dos dereitos e intereses das mulleres para erradicar a discriminación no ámbito do emprego e das relacións laborais ?:**

- a) Á Comisión Interdepartamental de Igualdade
- b) Ao Consello Galego das Mulleres
- c) Ao Consello Galego de Participación das Mulleres no Ámbito do Emprego e das Relacións Laborais
- d) Á Consellería competente en materia de relacións laborais

**64.- De acordo co artigo 8 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, no procedemento de elaboración de regulamentos, en que caso se esixirá a emisión dun informe sobre o seu impacto de xénero elaborado polo órgano competente en materia de igualdade?**

- a) En ningún caso
- b) En todos os casos
- c) Cando se trate de elaborar, pola Xunta de Galicia, regulamentos con repercusión en cuestións de xénero
- d) Cando así o determine o órgano competente en materia de igualdade

**65.- De acordo co artigo 13 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, en relación ao fomento da igualdade e medios de comunicación, garantírase: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) A participación equilibrada entre mulleres e homes nos órganos de representación, de xestión e de consulta dos medios de información
- b) A utilización sexista da linguaxe e/ou das imaxes, especialmente no ámbito da información
- c) O establecemento e o mantemento de programas realizados por e para mulleres, onde se canalicen os seus intereses de forma arbitraria
- d) A programación de campañas nos medios de comunicación, destinadas aos homes, sobre a importancia e a necesidade da participación social e política das mulleres

**66.- De acordo co artigo 17 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA):**

- a) A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, medidas conducentes a proporcionar aos homes unha educación que garanta o respecto á personalidade e á imaxe das mulleres
- b) A Xunta de Galicia incluírá nos programas de acceso á función pública, como materia xeral, a igualdade e a violencia de xénero
- c) A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero

d) A Xunta de Galicia garantizará, dentro das súas competencias, medidas conducentes a proporcionar unha educación que promova a igualdade de oportunidades no traballo.

**67.- De acordo co artigo 26 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, na totalidade das actividades formativas de formación profesional, ocupacional e continua ou de inserción laboral activa financiadas pola Consellería competente en materia de traballo introducirase un módulo formativo sobre igualdade de oportunidades entre mulleres e homes e sobre corresponsabilidade familiar e doméstica, que duración terá o devandito módulo se o curso ten unha duración de 200 horas?**

- a) 5 horas
- b) 20 horas
- c) 10 horas
- d) 15 horas

**68.- De acordo co artigo 30 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, quen coordina o Plan galego de emprego feminino ?:**

- a) A Comisión Interdepartamental de Igualdade de Galicia
- b) O Consello Galego das Mulleres
- c) A Consellería competente en materia de igualdade
- d) A Consellería competente en materia de traballo

**69.- De acordo co artigo 39 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, cal de estas NON é unha función da Unidade Administrativa de Igualdade, como órgano encargado de integrar a dimensión de xénero no ámbito da Consellería competente en materia de traballo ?:**

- a) A interlocución coa Xunta de Galicia a través da Consellería competente en materia de traballo e do órgano superior da Administración xeral da Comunidade Autónoma competente en materia de igualdade, propoñendo, no seu caso, a adopción de medidas relacionadas coa igualdade de oportunidades no ámbito do emprego e das relacións laborais
- b) Revisar as actuacións da Consellería competente en materia de traballo para valorar o seu impacto de xénero introducindo, no seu caso, as propostas oportunas
- c) Propoñer as medidas necesarias para garantir a efectividade do principio de igualdade entre mulleres e homes no ámbito laboral, tanto público como privado, de Galicia, en especial respecto a igualdade de retribucións salariais e extrasalarais
- d) Facer propostas á Consellería competente en materia de traballo para a concesión da Certificación Galega de Excelencia en Igualdade

**70.- De acordo co artigo 41 do Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade, que servizos reforzará a Xunta de Galicia para que sexan máis áxiles e efectivos na axuda ás mulleres prostitutas ?:**

- a) Os servizos sociais de atención comunitarios especializados
- b) Os servizos sociais de atención primaria
- c) Os servizos privados de saúde
- d) Os servizos de emerxencia

**71.- De acordo co artigo 3 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, quen elaborará o Informe anual de avaliación do Plan Estatal de Sensibilización e Prevención da Violencia de Xénero e remitirao ás Cortes Xerais?**

- a) A Comisión creada ao amparo deste artigo
- b) A Delegación do Goberno contra a Violencia de Xénero
- c) A Delegación do Goberno
- d) O Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller

**72.- De acordo co artigo 16 da Lei Orgánica 1/2004 do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, en relación coa Comisión contra a Violencia de Xénero do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde: (SINALE A RESPOSTA INCORRECTA):**

- a) A Comisión emitirá un informe anual
- b) A Comisión constituirase no prazo dun ano desde a entrada en vigor da presente Lei
- c) Estará composta por representantes de todas as Comunidades Autónomas con competencia na materia e da Delegación Especial do Goberno contra a Violencia sobre a Muller
- d) O informe que emita a Comisión será remitido ao Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller e ao Pleno do Consello Interterritorial.

**73.- De acordo co artigo 6 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, cando se pretenda fundar o tratamento dos datos no consentimento do afectado para unha pluralidade de finalidades: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) Será suficiente con outorgar un consentimento único e xenérico
- b) Non é necesario o consentimento do afectado
- c) Será preciso que conste de maneira específica e inequívoca que devandito consentimento outórgase para todas elas

d) Será preciso que consten de maneira específica tanto consentimentos como finalidades teña o tratamento de datos

**74.- De acordo co Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por discriminación indirecta:**

a) A ausencia de toda discriminación, directa ou indirecta, por motivo de ou por razón de discapacidade, incluída calquera distinción, exclusión ou restrición que teña o propósito ou o efecto de obstaculizar ou deixar sen efecto o recoñecemento, goce ou exercicio en igualdade de condicións polas persoas con discapacidade, de todos os dereitos humanos e liberdades fundamentais nos ámbitos político, económico, social, laboral, cultural, civil ou doutro tipo.

b) A situación que resulta da interacción entre as persoas con deficiencias previsiblemente permanentes e calquera tipo de barreiras que limiten ou impidan a súa participación plena e efectiva na sociedade, en igualdade de condicións coas demais.

c) Cando unha disposición legal ou regulamentaria, unha cláusula convencional ou contractual, un pacto individual, unha decisión unilateral ou un criterio ou práctica, ou ben unha contorna, produto ou servizo, aparentemente neutros, poidan ocasionar unha desvantaxe particular a unha persoa respecto de outras por motivo de ou por razón de discapacidade, sempre que obxectivamente non respondan a unha finalidade lexítima e que os medios para a consecución desta finalidade non sexan adecuados e necesarios.

d) A situación en que se atopa unha persoa con discapacidade cando é tratada de maneira menos favorable que outra en situación análoga por motivo de ou por razón da súa discapacidade.

**75.- De acordo co artigo 21 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a acción protectora do sistema especial de prestacións sociais e económicas para as persoas con discapacidade, son funcións específicas dos servizos de orientación educativa:**

a) Crear as condicións necesarias para facilitar a conexión cos centros ordinarios.

b) Realizar programas de sensibilización, información e formación continua do profesorado.

c) Apoiar aos centros docentes no proceso cara á inclusión e, especialmente, nas funcións de orientación, avaliación e intervención educativa, contribuíndo á dinamización pedagóxica, á calidade e a innovación educativa.

d) Asegurar un sistema educativo inclusivo en todos os niveis.

**76.- De acordo co artigo 22 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, no ámbito do emprego:**

a) As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación recollidas no Capítulo V desta Lei serán de aplicación con carácter preferente, respecto a o previsto na lexislación laboral.

- b) No devandito artigo non se regula a accesibilidade
- c) As condicións básicas de accesibilidade e non discriminación recollidas no Capítulo V desta Lei serán de aplicación con carácter supletorio, respecto a o previsto na lexislación laboral.
- d) Para a determinación das condicións básicas de accesibilidade e non discriminacións recollidas no Capítulo V desta Lei aplicarase a normativa sectorial correspondente

**77.- De acordo co artigo 26 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social:**

- a) Non será necesario que na fase de redacción dos proxectos estean recollidas as previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- b) As previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade deberán incluírse exclusivamente nos proxectos de execución.
- c) As normas técnicas sobre edificación incluírán previsións relativas ás condicións mínimas que deberán reunir os edificios de calquera tipo para permitir a accesibilidade das persoas con discapacidade.
- d) As normas técnicas sobre edificación deberán ser visadas polos respectivos colexios profesionais.

**78.- De acordo co artigo 30 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, as medidas para facilitar o estacionamento de vehículos a persoas con problemas graves de mobilidade, por razón da súa discapacidade corresponde:**

- a) Á comunidade autónoma correspondente.
- b) Aos concellos.
- c) Ás deputacións provinciais.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**79.- De acordo co artigo 32 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, nos proxectos de vivendas protexidas:**

- a) Programarase un mínimo dun cinco por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.
- b) Programarase un mínimo dun dez por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

c) Programarase un mínimo dun catro por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

d) Programarase un mínimo dun sete por cento coas características construtivas e de deseño adecuadas que garantan o acceso e desenvolvemento cómodo e seguro das persoas con discapacidade.

**80.- De acordo co artigo 36 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, enténdese por igualdade de trato:**

a) O establecemento de medidas iguais para as persoas con e sen discapacidade, no emprego, na formación e a promoción profesionais e nas condicións de traballo.

b) A ausencia de toda discriminación directa ou indirecta por motivo ou por razón de discapacidade, no emprego, na formación e a promoción profesionais e nas condicións de traballo.

c) O establecemento de medidas para a promoción da igualdade no ámbito da formación e promoción profesionais.

d) Establecer medidas que eviten e ou palíen todo tipo de discriminación.

**81.- De acordo co artigo 38 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, a orientación e colocación en igualdade de condicións das persoas con discapacidade que se atopen en situación de procura de emprego corresponde a:**

a) Aos servizos públicos de emprego.

b) Ás entidades colaboradoras.

c) Ás axencias de colocación.

d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

**82.- De acordo co artigo 42 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social:**

a) As empresas públicas e privadas que empreguen a un número de 50 ou máis traballadores virán obrigadas a que de entre eles, polo menos, o 2 por 100 sexan traballadores con discapacidade.

b) As empresas públicas e privadas que empreguen a un número de 50 ou máis traballadores virán obrigadas a que de entre eles, polo menos, o 3 por 100 sexan traballadores con discapacidade.

c) As empresas públicas e privadas que empreguen a un número de 100 ou máis traballadores virán obrigadas a que de entre eles, polo menos, o 3 por 100 sexan traballadores con discapacidade.

d) As empresas públicas e privadas que empreguen a un número de 100 ou máis traballadores virán obrigadas a que de entre eles, polo menos, o 2 por 100 sexan traballadores con discapacidade.

**83.- De acordo co artigo 55 do Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o Consello Nacional da Discapacidade:**

- a) É un órgano multidisciplinar de carácter consultivo.
- b) É un órgano colexiado ministerial, de carácter consultivo.
- c) É un órgano colexiado interministerial, de carácter consultivo.
- d) É un órgano colexiado integrado por asociacións e demais entidades en que se agrupan as persoas con discapacidade e as súas familias.

**84.- De acordo co establecido no artigo 6 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) A información suxeita ás obrigacións de publicidade activa será publicada nas correspondentes sedes electrónicas ou páxinas web dun modo claro, estruturado, conciso e entendible para as persoas interesadas e, preferiblemente, en formatos non reutilizables
- b) As obrigacións de publicidade activa contidas no capítulo II da presente lei enténdense complementarias das contempladas na normativa básica e sen prexuízo da aplicación doutras disposicións específicas que prevexan un réxime máis amplo en materia de publicidade
- c) Serán de aplicación, nalgún caso, os límites ao dereito de acceso á información pública previstos na normativa básica, así como os derivados da normativa en materia de protección de datos persoais. Deste xeito, cando a información obxecto do capítulo II da presente lei conteña datos especialmente protexidos, a súa publicidade só se levará a cabo sen previa disociación dos mesmos
- d) Enténdese por publicidade activa o compromiso dos suxeitos comprendidos nos apartados 1 e 2 do artigo 3 de publicar a iniciativa propia e de forma aleatoria, actualizada, clara, veraz, obxectiva e facilmente accesible toda aquela información relevante relativa ao seu funcionamento.

**85- De acordo co establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, cada consellería ou entidade haberá de remitir para a súa publicación no Diario Oficial de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) Unha relación dos convenios subscritos referida ao cuadrimestre anterior, dentro do primeiros vinte días dos meses de xaneiro, maio e setembro de cada ano
- b) Unha relación dos convenios subscritos referida ao trimestre anterior, dentro do primeiros vinte días dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano
- c) Unha relación dos convenios subscritos referida ao ano anterior, dentro do primeiros vinte días do mes de febreiro e marzo de cada ano



d) Unha relación dos convenios subscritos referida ao trimestre anterior, dentro do primeiros quince días dos meses de xaneiro, abril, xullo e outubro de cada ano

**86.- De acordo co establecido no artigo 19 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, quen elabora e publica no Portal de transparencia e Goberno aberto un informe respecto ao grao de cumprimento dos acordos aprobados polo Parlamento nese ano?**

- a) A Consellería de Presidencia
- b) A Xunta de Galicia
- c) O Valedor do Pobo
- d) O Parlamento de Galicia

**87.- De acordo co establecido no artigo 27 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, na tramitación das solicitudes de acceso ¿cal é o prazo que lles concederá o órgano encargado de resolver, cando as solicitudes refírense a información que afecte a dereitos e intereses de terceiros, para que estes poidan formular alegacións?**

- a) 5 días
- b) 20 días
- c) 15 días
- d) 10 días

**88.- De acordo co establecido no artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) Non terá a consideración de substitutiva dos recursos administrativos
- b) Poderase interpoñer ante o Comisionado da Transparencia.
- c) Poderase interpoñer ante o Valedor do Pobo.
- d) Poderase interpoñer ante Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

**89.- De acordo co establecido no artigo 31 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a coordinación xeral e o control interno en materia de transparencia, no ámbito do sector público autonómico, serán exercidos por?**

- a) A Xunta de Galicia
- b) A Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación
- c) A persoa titular do ente público con competencias en materia de tecnoloxías da información e comunicacións
- d) O Comisionado da Transparencia

**90.- De acordo co establecido no artigo 33 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a quen lle corresponde resolver as reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o artigo 28 da presente lei ?:**

- a) Á Comisión de Transparencia
- b) Ao Valedor do Pobo
- c) Ao Comisionado da Transparencia
- d) Ningunha é correcta

## Segunda parte

---

### Primeiro suposto práctico

Sandra é traballadora social dos servizos sociais comunitarios básicos da área urbana do concello de Lugo. A súa compañeira de equipo profesional é unha Educadora Social.

Esta semana empezou unha alumna de Traballo Social en prácticas, da que Sandra é titora e, na elaboración da memoria de prácticas, quere contextualizar o servizo nun marco referencial, conceptual, teórico e normativo para logo expoñer un caso de intervención.

No desenvolvemento da memoria, necesita o asesoramento e supervisión de Sandra para establecer correctamente ese marco de referencia, e á que expuxo as seguintes cuestións:

**91. Para explicar o sistema galego de servizos sociais, a alumna sinala o artigo 8 da Lei 13/2008 do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia, que regula que este se estrutura en forma de rede:**

- a) Conforme dúas modalidades de actuación: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais especializados
- b) Conforme dous niveis de actuación: servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados
- c) Servizos sociais comunitarios, que comprenden, á súa vez, dúas modalidades: servizos sociais comunitarios básicos e servizos sociais comunitarios específicos
- d) b e c son correctas

**92. Para indicar quen son os titulares do dereito de acceso aos servizos sociais, a alumna recorre ao artigo 5.1 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que establece que terán dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais:**

- a) As cidadás e cidadáns dos estados membros da Unión Europea empadroados nun concello de Galicia
- b) As persoas estranxeiras empadroadas en calquera concello de Galicia do estado español.
- c) Calquera persoa que se atope en territorio da Comunidade Autónoma de Galicia
- d) Todas son correctas

**93. Na descrición dos servizos sociais comunitarios básicos, a alumna refírese ao artigo 10 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que regula que:**

- a) Teñen un carácter local, aberto e polivalente
- b) Constitúen a vía anormal de acceso ao sistema de servizos sociais
- c) Garanten a universalidade do sistema e a súa proximidade ás persoas usuarias e aos ámbitos familiar e social
- d) a e c son correctas

**94. A fin de contextualizar o equipo onde realiza as prácticas, a alumna alude ao establecido no artigo 34 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, ¿en que tipo de equipo profesional traballa Sandra e, por tanto, están a realizarse as prácticas?**

- a) Unidade interdisciplinar de intervención social (UNIS)
- b) Unidade de traballo social (UTS)
- c) Unidade de traballo e educación social (UTES)
- d) Unidade de traballo social e educación social (UTRES)

**95. Sandra explícalle á súa alumna que no equipo que forma xunto á educadora social, estudan as situacións de forma conxunta a nivel de comprensión buscando unha única abordaxe do caso en común. Menciónalle a Rueda (1992), que define este tipo de equipos como “o conxunto de profesionais diferentes, enfrontados a un obxectivo común, igualados no momento de facer as súas achegas, pero diferenciados no tipo de información e de intervención que poden ofrecer, e capacitados para reorganizar as súas actuacións, de acordo coas características e as prioridades cara á solución/mellora do problema que deben abordar”. A que tipo de equipo se refire Sandra?**

- a) Equipo multidisciplinar
- b) Equipo intraprofesional
- c) Equipo transdisciplinar
- d) Equipo interdisciplinar

**96. A alumna quere indicar que ratio de referencia se establece na dotación de persoal para os servizos sociais comunitarios básicos nas áreas urbanas, e que seguindo o artigo 35 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, é o de:**

- a) Unha persoa técnica por cada 8.000 habitantes.
- b) Unha persoa técnica por cada 5.000 habitantes.
- c) Unha persoa técnica por cada 20.000 habitantes.
- d) Unha persoa técnica por cada 10.000 habitantes.

**97. En canto á práctica profesional, cales son os principios básicos en que se basea a actuación profesional das traballadoras sociais que están reguladas no artigo 7 do actual Código Deontolóxico dos/as profesionais do Traballo Social (2012)?**

- a) Dignidade, aceptación, individualización.
- b) Dignidade, liberdade, igualdade.
- c) Dignidade, xustiza social, autodeterminación.
- d) Dignidade, integridade, igualdade.

**98. A alumna recolle os instrumentos específicos do Traballo Social para o desenvolvemento das funcións profesionais, que son os establecidos no Preámbulo do actual Código Deontolóxico:**

- a) Historia social, Ficha social, Informe social e Proxecto de intervención social.
- b) Historia social, Informe social, Genograma e Proxecto de intervención social.
- c) Historia social, Ficha social, Informe social, Escalas de valoración social e proxecto de intervención social.
- d) Entrevista, Historia Social, Ficha social, Informe social, Escalas de valoración social e Proxecto de intervención social.

**99. Así mesmo, na redacción da memoria, indica que o mencionado Código Deontolóxico do Traballo Social, no seu artigo 2, obriga o seu cumprimento a:**

- a) Todas e todos os traballadores sociais que traballan na administración pública.
- b) Todas e todos os traballadores sociais que traballan en entidades privadas.
- c) Todos/as os/as profesionais do Traballo Social no Estado español no exercicio da súa profesión, calquera que sexa a modalidade profesional ou contractual en que a practiquen.
- d) No artigo 2 non se establece obrigación de cumprimento, senón recomendación de seguilo como guía.

**100. A alumna en prácticas quere recoller na súa memoria as funcións dos profesionais do Traballo Social. Para iso, recorre ao Código Deontolóxico de Traballo social, sinalando que é un texto aprobado (sinala a incorrecta):**

- a) De forma unánime
- b) Pola Asemblea Xeral de Colexios Oficiais de Diplomados en Traballo Social e Asistentes Sociais
- c) En sesión ordinaria do 10 de setembro de 2015
- d) En sesión extraordinaria do 9 de xuño de 2012

**101. Na súa referencia ao Plan Concertado e á importancia que ten para os servizos sociais comunitarios, cal é a data en que se asinou en Galicia o noso Convenio-Programa?**

- a) 5 maio 2008
- b) 5 maio 1988
- c) 20 febreiro 1980
- d) 20 febreiro 1977

**102. A alumna debe sinalar os compromisos dos convenios-programas que asumen as administracións asinantes do Plan Concertado, e que son:**

- a) Financiamento, xestión, formación e asistencia xurídica
- b) Cofinanciamento, xestión, formación e asistencia técnica
- c) Financiamento, xestión, información e asistencia técnica
- d) Cofinanciamento, xestión, información e asistencia técnica

Na xornada de hoxe preséntaselle a Sandra e á súa alumna un caso que quere desenvolver na súa memoria de prácticas. Trátase dunha parella formada por dúas mulleres, en relación de afectividade análoga á conxugal, non rexistrada, cun fillo de 20 anos, Brais, que presenta unha enfermidade mental que cursa con trastorno bipolar, cursando períodos maníacos con depresivos que resulta moi difícil estabilizar. Non desenvolve de maneira autónoma a maioría das actividades básicas e instrumentais da vida diaria, nin acode por si mesmo ás consultas da unidade de saúde mental, nin ao hospital de día, ao que foi derivado despois do último ingreso non voluntario na unidade de psiquiatría do Hospital Lucus Augusti, que durou 14 meses.

Os ingresos económicos da unidade de convivencia derivan do soldo como funcionaria dunha das proxenitoras, e da percepción da axuda económica por fillo a cargo maior de 18 anos con discapacidade con complemento por terceira persoa.

Unha das proxenitoras ten responsabilidades laborais que implican ausencias no ámbito familiar e a outra muller, coidadora principal, é a que afronta os seus coidados pero atópase desbordada pola situación e non sabe como afrontar as necesidades específicas que require o coidado do seu fillo. Verbaliza que sente que vai a claudicar. Brais necesita supervisión e control diario da medicación, e acompañarlle ao hospital de día a diario, onde recolle a medicación para administrarlla pola noite e os fins semana.

Acoden ao servizo demandando valoración, orientación e información sobre recursos aos que poidan acceder que facilite a atención de Brais e o exercicio de coidados necesarios por parte das súas proxenitoras.

**103. Na apertura do expediente social básico (artigo 38.5 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento), non se recollerá:**

- a) Datos de identificación da persoa, circunstancias familiares, residenciais, económicas, laborais e persoais significativas
- b) A intervención realizada: demanda expresada, valoración social realizada e os recursos aplicados
- c) O rexistro de datos en relación coa súa ideoloxía, afiliación política ou sindical, relixión ou crenzas.
- d) a e b son correctas

**104. Para proporcionar información, orientación e asesoramento, así como para realizar a valoración e o diagnóstico social da demanda, Sandra aplica o Programa de valoración, orientación e información que, seguindo a normativa galega de servizos sociais, ten carácter:**

- a) Normalizador

- b) Esencial
- c) Mixto
- d) Todas son incorrectas

**105. Tendo como referencia o establecido no artigo 15 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuales en Galicia, podería conceptuarse o caso presentado como “familia”?**

- a) Non, porque o artigo 15 entende por familia a derivada do matrimonio entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, que debe estar rexistrada, con fillos e fillas ao seu cargo.
- b) Non, porque o artigo 15 entende por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal que deben estar rexistradas, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén das unidades monoparentais formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo, de conformidade co disposto na Lei 3/2011 do 30 de xuño de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- c) Si, porque o artigo 15 entende por familia a derivada do matrimonio, da unión entre dúas persoas do mesmo ou distinto sexo, en relación de afectividade análoga á conxugal, rexistrada ou non, do parentesco, da filiación ou da afinidade, e tamén das unidades monoparentais, formadas por mulleres ou homes, con fillos e fillas ao seu cargo, de conformidade co disposto na Lei 3/2011 do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.
- d) Ningunha é correcta

**106. Durante a entrevista, a proxenitora que é a cuidadora principal expresa os seus sentimentos e emocións coa axuda da traballadora social, que utiliza a técnica da ventilación ou catarse, e durante o seu desenvolvemento, presta especial atención ao aspecto kinésico da comunicación. A que aspecto da comunicación refire?**

- a) Á comunicación non verbal
- b) Á comunicación analóxica
- c) Á comunicación verbal
- d) a e b son correctas

**107. Así mesmo, a alumna identifica a Entrevista, no casework:**

- a) Seguindo a Teresa Rosell (1998) como unha relación, unha técnica e un proceso.
- b) Como un instrumento de investigación cualitativa
- c) Como un medio para alcanzar unha finalidade determinada
- d) a e c son correctas

**108. Cando se procedeu ao internamento non voluntario de Brais na unidade de psiquiatría do hospital, sucedera un intento autolítico que, por razóns de urxencia, fixo necesaria a inmediata adopción desta medida. Cal é o prazo establecido que debe cumprir o responsable do centro onde se produciu o internamento non voluntario para dar conta ao tribunal competente?**

- a) Canto antes e, en todo caso, dentro do prazo de corenta e oito horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.
- b) Canto antes e, en todo caso, antes do prazo de trinta e seis horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.
- c) Canto antes e, en todo caso, dentro do prazo de vinte e catro horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.
- d) Canto antes e, en todo caso, antes do prazo de setenta e dúas horas, para os efectos de que se proceda á preceptiva ratificación da dita medida, que deberá efectuarse no prazo máximo de setenta e dúas horas desde que o internamento chegue a coñecemento do tribunal.

**109. Na mesma resolución que acordou o internamento expresábase a obrigación dos facultativos que atendían a Brais de informar periodicamente o tribunal sobre a necesidade de manter a medida. Estes informes periódicos serán emitidos:**

- a) Cada seis meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo inferior.
- b) Cada seis meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo superior.
- c) Cada tres meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo inferior.
- d) Cada tres meses, a non ser que o tribunal, atendida a natureza do trastorno que motivou o internamento, sinala un prazo superior.

**110. Quen pode promover o proceso para a adopción xudicial de medidas de apoio para Brais, en caso de ser necesario?**

- a) O propio Brais, como persoa interesada
- b) Calquera dos seus ascendentes
- c) O Ministerio Fiscal
- d) Todas son correctas



**111. Cales son esas medidas de apoio para o exercicio da capacidade xurídica de Brais, en caso de precisalas?**

- a) As de natureza involuntaria, a garda de feito, a curatela e o defensor social.
- b) As de natureza voluntaria, a tutela, a curatela e o defensor xudicial.
- c) A garda de feito, a tutela e o defensor xudicial.
- d) As de natureza voluntaria, a garda de feito, a curatela e o defensor xudicial.

**112. Brais solicitou por primeira vez a valoración do grao de discapacidade cando tiña 17 anos. Seguindo a Orde 25 de novembro de 2015 pola que se regula o procedemento para o recoñecemento, declaración e cualificación do grao de discapacidade e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, en relación ao artigo 16 que refire á Orde de prelación na tramitación dos procedementos, como se debeu tramitar a súa solicitude?**

- a) Por orde de entrada
- b) Debeuse dar prioridade
- c) Debeuse tramitar como urxente
- d) b e c son correctas

**113. Brais é recoñecido cun grao de Dependencia II con 60 puntos en BVD, con carácter permanente. De acordo aos datos expostos e seguindo o establecido no Decreto 149/2013, do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia, valorouse como idóneo o acceso a un servizo de atención diúrna de modalidade psicosocial-ocupacional. A que carteira de servizos pertence?**

- a) Á carteira de servizos comúns
- b) Á carteira de servizos específicos
- c) Á carteira do servizo de asistente persoal
- d) Á carteira de servizos especializados

**114. Resólvese no PIA a incorporación ao Programa de Asignación de Recursos para o servizo de atención diúrna de modalidade psicosocial-ocupacional. Segundo a normativa autonómica que regula o sistema galego de atención á dependencia, cales son os criterios de prelación establecidos no PAR para o acceso ao devandito servizo?**

- a) O maior grao de dependencia
- b) A maior capacidade económica
- c) A situación sociosanitaria da persoa en situación de dependencia
- d) a e c son correctas

**115. En todo caso, a contía que resulte de aplicación dos coeficientes de financiamento por parte de Brais ao servizo considerado idóneo no seu PIA, estará suxeita a que limite, segundo o artigo 13 do Decreto 149/2013 do 5 de setembro, polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia?**

- a) En ningún caso a participación económica de Brais poderá exceder do 60 por cento do custo de referencia do servizo prestado.
- b) En ningún caso a participación económica de Brais poderá exceder do 90 por cento do custo de referencia do servizo prestado.
- c) En ningún caso a participación económica de Brais poderá exceder do 75 por cento do custo de referencia do servizo prestado.
- d) En ningún caso a participación económica de Brais poderá exceder do 80 por cento do custo de referencia do servizo prestado.

## Segundo suposto práctico

No concello X preséntase para ser atendida, María, unha muller de 26 anos e os seus tres fillos de 2, 4 e 6 anos de idade, acompañada dunha amiga. Comunican á traballadora social do centro de servizos sociais comunitarios municipais do concello anteriormente citado, que carece de recursos económicos para atender as necesidades básicas dos seus fillos e dela mesma. Así mesmo, expresa que leva sen traballar desde que quedou embarazada do seu fillo maior.

Relata que está a vivir cunha ex parella, que non é o pai dos seus fillos, e en presenza dos menores insístelle en que abandonen a súa casa porque decidiu iniciar unha nova vida con outra persoa nesa vivenda.

Ante esta situación, e carente de familia de apoio, nin tampouco de recursos para poder facer fronte á súa nova situación, María e a súa amiga, acoden aos servizos sociais do concello no que residen.

Tendo en conta que, a canle de entrada da poboación son os servizos sociais comunitarios, expóñense as seguintes preguntas para contextualizar normativamente este suposto:

**116- De acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, cal dos seguintes NON sería un dereito das persoas usuarias:**

- a) Recibir unha atención individualizada e adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración determinadas en cada caso.
- b) Coñecer a situación do seu expediente.
- c) Cumprir as normas, requisitos e procedementos para o acceso aos diferentes servizos.
- d) Coñecer a organización e o regulamento do servizo.

**117.- Cando a persoa acode aos servizos sociais comunitarios, empézase unha intervención, sendo necesario que exista un expediente social básico, no que quedarán recollidas todas as intervencións e os servizos prestados á persoa usuaria nos diferentes niveis de actuación do sistema galego de servizos sociais. De acordo co artigo 24 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, a cada persoa titular do dereito de acceso ao sistema galego de servizos sociais asignaráselle:**

- a) Calquera traballador/a de o concello ao que acode a persoa.
- b) A persoa profesional de referencia no ámbito dos servizos sociais comunitarios correspondentes.
- c) A persoa que administrativamente lle sinala unha data de atención co profesional de referencia.
- d) Todas son falsas.

**118.-Cando falamos en servizos sociais dos niveis de actuación social, no artigo 16 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, indica que:**

- a) Existirá un único expediente social básico no ámbito dos servizos sociais comunitarios.
- b) Os servizos sociais especializados incorporarán protocolos de retorno da información aos servizos sociais comunitarios.
- c) A relación entre servizos sociais comunitarios e servizos sociais especializados responderá a criterios de complementariedade, de acción coordinada para a consecución de obxectivos comúns ou de actuación conxunta.
- d) Todas as respostas son correctas.

**119.- Cando o/a traballador/a social explícalle á usuaria que uno dos seus deberes, en relación coa información confidencial que esa persoa está a darlle, e segundo se recolle no código deontolóxico dos profesionais do traballo social, é o de comprometerse a que *“a información obtida dedicarase ao fin para o que se solicitou salvo consentimento expreso da persoa usuaria, autorización legal ou petición xudicial”*, falamos de:**

- a) Consentimento.
- b) Limitación.
- c) Finalidade.
- d) De calidade.

**120.- O/a traballador/a social, terá en conta o marco normativo dos servizos sociais comunitarios na comunidade autónoma galega. O artigo 11 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, recolle as funcións dos servizos sociais comunitarios básicos (sinala a resposta correcta):**

- a) Xestionar centros e programas especializados.
- b) A atención das situacións individuais, a información en relación ás demandas presentadas, o diagnóstico e valoración técnica previa e a consecuente intervención no caso, que incluírá, cando sexa conveniente, a derivación cara ao recurso idóneo dentro do sistema galego de servizos sociais ou a outros sistemas de benestar ou a asistencia nos trámites necesarios para acceder a outros recursos.
- c) Promover medidas de reinserción no seu ámbito de actuación e desenvolver medias de rehabilitación social orientadas a normalizar as condicións de vida das persoas usuarias.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**121.- Así mesmo, se falamos de servizos sociais comunitarios específicos, e atendendo ao que recolle o artigo 13, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, dicimos que estes teñen como función o desenvolvemento de:**

- a) O estudo e o diagnóstico social da comunidade, que implica a detección e análise de necesidades e demandas, explícitas e implícitas, no seu ámbito de intervención.

- b) A atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolver a través de programas no medio aberto, en centros de carácter non residencial ou de carácter residencial temporal.
- c) O fomento da participación activa da cidadanía mediante estratexias socioeducativas que impulsen a solidariedade e a cooperación social organizada.
- d) Todas as respostas son incorrectas.

**122.- Atendendo ao que se recolle no artigo 15, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, NON son funcións dos servizos especializados:**

- a) Xestionar centros e programas especializados.
- b) Valorar, diagnosticar e intervir ante situacións que requiran unha alta especialización técnica e, normalmente, interdisciplinar.
- c) Atención directa a colectivos con déficits de autonomía ou en risco de exclusión que se desenvolver a través de programas no medio aberto, en centros de carácter residencial ou de carácter residencial temporal.
- d) Todas as respostas son correctas.

**123.- O catálogo de servizos sociais, de acordo co artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, está integrado por un conxunto de:**

- a) Plans e proxectos.
- b) Intervencións, programas, servizos e prestacións.
- c) Actuacións de orientación, asesoramento e acompañamento.
- d) Actuacións de valoracións e asesoramento.

**124.- De acordo co artigo 18 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, as intervencións, programas, servizos e prestacións poderán ser:**

- a) Esenciais unicamente.
- b) Básicas unicamente.
- c) Xeneralistas, esenciais e básicas.
- d) Esenciais e normalizadoras.

**125.- De acordo co artigo 41 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, a Xunta de Galicia cofinanciará os servizos sociais comunitarios das corporacións locais mediante:**

- a) Subvencións.
- b) Convenios.
- c) Cesións gratuítas.
- d) Transferencias finalistas.

**126.- Para que devandito concello, poida recibir o cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios da Xunta de Galicia, será requisito indispensable que realice, en función do seu número de habitantes, unha achega económica mínima sobre o total do orzamento do seu proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. De acordo co artigo 50 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, esta achega mínima será de:**

- a) Nos Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 20% do orzamento total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. No caso de concellos de 20.000 a 59.999 habitantes, o 25% do orzamento total. E para os concellos de 60.000 ou máis habitantes, o 33%.
- b) Nos Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 20% do orzamento total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. No caso de concellos de 20.000 a 59.999 habitantes, o 30% do orzamento total. E para os concellos de 60.000 ou máis habitantes, o 40%.
- c) Nos Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 25% do orzamento total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. No caso de concellos de 20.000 a 59.999 habitantes, o 30% do orzamento total. E para os concellos de 60.000 ou máis habitantes, o 35%.
- d) Nos Concellos de menos de 20.000 habitantes: o 30% do orzamento total do proxecto anual de servizos sociais comunitarios municipais. No caso de concellos de 20.000 a 59.999 habitantes, o 35% do orzamento total. E para os concellos de 60.000 ou máis habitantes, o 40%.

**127.- De acordo co artigo 51 do Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento, as resolucións de asignación de financiamento mediante transferencias finalistas para o financiamento de gastos correntes, serán motivadas e notificaranse a cada unha das corporacións locais (indique a resposta correcta):**

- a) No prazo máximo de 3 meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que completasen toda a documentación.
- b) No prazo máximo de 6 meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que completasen toda a documentación.
- c) No prazo máximo de 2 meses, contados a partir do día seguinte a aquel no que completasen toda a documentación.
- d) No prazo máximo de 1 mes, contado a partir do día seguinte a aquel no que completaron toda a documentación.

A traballadora social que atende a María, estudia a súa situación sociofamiliar. Para iso, ten en conta que María, muller con menores a cargo, residía cunha parella ata que recentemente decidiron romper a relación

**128.- No artigo 13 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e a convivencia de Galicia, cando determina o concepto de familias monoparentais, NON sinala que:**

- a) A familia monoparental é o núcleo familiar composto por un único proxenitor ou proxenitora que non conviva con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e os fillos ou fillas ao seu cargo.
- b) A Xunta de Galicia creará un Rexistro de Familias Monoparentais Galegas e determinará os requisitos e os medios de acreditación da devandita condición.
- c) Son familias monoparentais as formadas por un pai ou nai que queda a cargo das fillas e fillos, aínda existindo custodia compartida.
- d) Son familias monoparentais as formadas por unha ou un cónxuxe viúvo e os fillos e fillas.

**129.- María solicita o título de familia numerosa, e de acordo co artigo 12 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio ao a familia e á convivencia de Galicia, o recoñecemento e a expedición do título que acredita esta condición na Comunidade Autónoma de Galicia correspóndelle a:**

- a) A Dirección Xeral de Inclusión Social.
- b) A Xunta de Galicia.
- c) As respostas a) e b) son correctas.
- d) Ningunha resposta é correcta.

**130.- De acordo co artigo 9, da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, considérase grupos de familias de especial consideración:**

- a) Ás familias numerosas e monoparentais unicamente
- b) Soamente as que cumpran a condición de ser familias numerosas, monoparentais, e con maiores a cargo.
- c) Unicamente as familias numerosas, monoparentais, con maiores a cargo, dependentes a cargo e acolledoras.
- d) Entre outras as familias numerosas, as familias con maiores a cargo, as familias con dependentes a cargo, as familias monoparentais, as familias con discapacidade a cargo e as familias acolledoras.

**131.- Se nesa unidade familiar, sucedese que se detectan “carencias de todo orde que, non podendo ser compensadas adecuadamente no ámbito familiar, nin impulsadas desde o mesmo para o seu tratamento a través dos servizos e recursos esenciais e/ou normalizadores, poden propiciar a exclusión social, inadaptación ou desamparo da ou do menor”, estariamos a falar segundo o artigo 49 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia dunha situación de:**

- a) Situación de risco.
- b) Situación de desamparo.
- c) Situación de abandono.
- d) Situación de descoido.

**132.- De acordo co artigo 50 da lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, as actuacións ante as situacións de risco:**

- a) Corresponde ás entidades locais, no marco do disposto na lexislación estatal e autonómica regulada do réxime local e dos servizos sociais, a detección, valoración e intervención nas situacións de risco de calquera índole e a activación dos seus propios recursos ou en colaboración coas demais administracións e servizos públicos e privados.
- b) Corresponde á Xunta de Galicia, a través do departamento competente, a declaración da situación de desamparo das persoas menores que residen ou se atopan transitoriamente no territorio da Comunidade Autónoma Galega, sen prexuízo das competencias que, sobre estas últimas, puidesen ter outras administracións públicas.
- c) Corresponde ao Ministerio Fiscal as competencias de superior vixilancia, e ao órgano competente da Xunta de Galicia o seguimento e vixilancia da medida de garda adaptada, para o que se procurará periodicamente canta información resulta precisa.
- d) Regulamentariamente, arbitrase un procedemento, no cal se garantirá a participación de profesionais coas titulacións técnicas adecuadas para a valoración da situación de desamparo, así como a profesional de referencia en cada caso.

**133.- De acordo co artigo 6 da Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Xunta de Galicia someterá as súas actuacións en materia de familia aos principios reitores de:**

- a) Liberdade, igualdade e convivencia.
- b) Liberdade, igualdade e universalidade.
- c) Liberdade, igualdade e responsabilidade pública.
- d) Liberdade, igualdade e protección pública.

Unha vez realizado o estudo sociofamiliar de María, a traballadora social do concello procede a valorar tecnicamente a súa situación e a dos seus fillos como unha situación de exclusión social ou de risco de exclusión.

**134.- Ante a situación exposta, para a valoración técnica da situación de exclusión social ou de risco de exclusión, segundo o artigo 3 da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia:**

- a) Non se verificará a ausencia ou déficit grave de recursos económicos.
- b) Verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos pero non será necesario verificar a ausencia de desemprego.
- c) Verificarase a ausencia ou déficit grave de recursos económicos e a situación de desemprego, así como a concorrencia dalgún factor de exclusión cando esa condición supoña especiais dificultades de integración social ou laboral.
- d) Ningunha resposta é correcta.



**135.- De acordo co artigo 19 da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, no caso de María, para ter dereito a percibir o tramo persoal e familiar da renda de inclusión social de Galicia, deberá reunir os requisitos xerais de acceso, e deberá establecerse unha vinculación cos servizos sociais comunitarios que implicará a subscrición dun proxecto de integración social:**

- a) Cando se considere necesario para garantir o benestar dos menores, como documento unido ao proxecto de integración social.
- b) Cando os servizos sociais comunitarios o consideren necesario para garantir o seu benestar e dereitos sociais, como documento separado e anexo ao proxecto de integración social, un acordo expresivo dos compromisos en relación coa integración socioeducativa dos e das menores.
- c) Que deberá ser revisado anualmente.
- d) Sempre que existan menores para garantir o seu benestar e dereitos sociais e non será necesario avaliar o cumprimento dos seus compromisos.

**136.- A traballadora social, para poder calcular a contía do contido económico do complemento familiar, de acordo co artigo 21.2 da lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, terá que ter en conta o seguinte:**

- a) Primeiro ou primeira, segundo ou segunda e terceiro ou terceira convivente adicional: o 14,20% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- b) Primeiro ou primeira, segundo ou segunda e terceiro ou terceira convivente adicional: o 10,30% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- c) Primeiro ou primeira convivente adicional, segundos ou segundas, terceiros ou terceiras e sucesivos ou sucesivas: o 10,50% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).
- d) Primeiro ou primeira convivente adicional: o 14,60% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM); o segundo ou segunda convivente adicional: o 12,50% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM); e o terceiro ou terceira e sucesivos ou sucesivas conviventes adicionais: o 10,40% do importe mensual do indicador público da renda de efectos múltiples (IPREM).

Tras varias entrevistas entre a usuaria e a traballadora social, existen diferenzas irreconciliables, o que provoca unha desconfianza por parte da usuaria a todas as actuacións que a profesional realiza. Ante esta situación:

**137.- Se a persoa usuaria manifesta que ten problemas de relación coa profesional do traballo social que lle foi asignada, de acordo co artigo 24, da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia podería solicitar un cambio de profesional de referencia:**

- a) Non existe a posibilidade de cambio de profesional.
- b) En caso de solicitar, a decisión queda a valoración do profesional afectado, que decidirá se outro profesional pode atender o caso.
- c) As respostas a) e b) son correctas.

d) Si, de acordo coas dispoñibilidades do sistema, a persoa usuaria poderá solicitar motivadamente o cambio de profesional de referencia, de entre os existentes na súa área.

Unha semana despois, a traballadora social recibe no seu despacho á amiga de María quen lle comenta que se atopa moi preocupada por ela e polos seus fillos. Relata que durante a relación de parella que mantivo María, observaba como el humillábaa diante doutras parellas porque non traballaba e non tiña ingresos económicos. Víaa triste e baixa animicamente.

**138.- Atendendo ao artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a situación de violencia acreditárase por calquera das seguintes formas:**

- a) Informe do ministerio fiscal sen necesidade de que indique a existencia de indicios de violencia.
- b) Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
- c) Todas as respostas son correctas.
- d) Orde de protección ou da medida cautelar sen que sexa necesaria certificación.

**139.- Tras esta nova información, a traballadora social estuda a posibilidade de establecer unha medida de carácter económico, a lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, regula algunha prestación para o caso exposto?:**

- a) Non, as prestacións económicas neste ámbito están recollidas na Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais.
- b) Non, esta lei nesta materia remite á regulación e normativa estatal.
- c) Si, no artigo 39 indícase que a Xunta, a través do departamento competente nesta materia de igualdade, garantirá a existencia dunha prestación económica de carácter periódico dirixida ás mulleres vítimas de violencia de xénero.
- d) Si, e esta terá carácter bianual.

**140.- Para que María poida ser titular do dereito de acceso aos centros de acollida das mulleres que sofren violencia e que forman parte da Rede galega de acollida:**

- a) Acreditará que é nai de dous fillos menores.
- b) Non necesita acreditar ningunha circunstancia especial ao tratarse dun servizo público e gratuíto.
- c) Necesita acreditar o empadramento no concello de referencia.
- d) Acreditará mediante calquera dos medios establecidos no artigo 5 da lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, a súa situación de violencia de xénero.



## Preguntas de reserva exame test

---

**141.- De acordo co artigo 179 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o persoal funcionario de carreira que se atope na situación de excedencia forzosa está suxeito ás seguintes obrigacións:**

- a) Participar nos procesos selectivos convocados para postos adecuados ao seu corpo ou escala, solicitando estes postos.
- b) Aceptar os destinos que se lle ofrezan.
- c) Participar nas convocatorias de postos, a través do sistema de libre designación, sempre que estes sexan adecuados ao seu corpo ou escala.
- d) Participar nos concursos convocados para postos adecuados ao seu corpo ou escala, solicitando estes postos.

**142.- De acordo co artigo 58 do Real decreto legislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, o financiamento das distintas prestacións, subsidios, atencións e servizos contidos nesta lei efectuarase con cargo:**

- a) Ás achegas das entidades de iniciativa social, con ámbito de actuación nesa materia.
- b) Á recadación do 0,7 % da cota para fins sociais do imposto sobre a renda das persoas físicas.
- c) Ás achegas realizadas polas distintas Administracións Públicas.
- d) Aos Orzamentos Xerais do Estado, aos das comunidades autónomas e entidades locais.

**143.- Segundo o artigo 149 da Constitución Española, sobre cal das seguintes materias NON ten competencia exclusiva o Estado:**

- a) Administración de Xustiza
- b) Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica
- c) Lexislación sobre pesas e medidas, determinación da hora oficial
- d) Lexislación laboral, en todas as súas manifestacións, incluso as de execución

**144.- De acordo co artigo 19 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de Administración dixital de Galicia: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA)**

- a) A creación ou supresión dunha sede electrónica corresponde ao Consello da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 120
- b) Sempre que o soliciten, as entidades públicas instrumentais, por razóns de eficacia, eficiencia e interese particular derivadas da concorrencia de circunstancias especiais, poderán crear as súas propias sedes electrónicas de acordo coas condicións e requisitos que se establezan regulamentariamente

- c) Na norma de creación doutras sedes electrónicas, concretarase o seu ámbito específico de actuación así como os servizos específicos que contemple. No relativo a contidos e servizos comúns coa sede electrónica da Xunta de Galicia non se vincularán a esta última
- d) No artigo 19 prohíbese a creación, sen excepcións, doutras sedes electrónicas.

**145.- Segundo o establecido no artigo 37 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a esixencia de responsabilidade penal do persoal ao servizo das administracións públicas: (SINALE A RESPOSTA CORRECTA):**

- a) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos feitos na orde xurisdiccional penal sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial
- b) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan
- c) Non suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, salvo que a determinación dos fundamentos de dereito na orde xurisdiccional civil sexa necesaria para a fixación da responsabilidade patrimonial
- d) Suspenderá os procedementos de recoñecemento de responsabilidade patrimonial que se instrúan, cando o solicite o demandante.

**Preguntas reserva suposto 1**

---

**146. Analizando o dato económico na axuda económica por fillo a cargo maior de 18 anos con discapacidade con complemento de terceira persoa, que grao de discapacidade ten que ter recoñecido, como mínimo?**

- a) Polo menos un 65%
- b) Polo menos un 33%
- c) Polo menos un 75%
- d) Polo menos un 50%

**147. Que modelo de informe social débese tramitar para solicitar o recoñecemento de Dependencia e con que carácter?**

- a) ISI, con carácter preceptivo
- b) ISU, con carácter facultativo
- c) ISI, con carácter facultativo
- d) ISU, con carácter preceptivo

**148. Sandra infórmalles que os servizos sociais comunitarios acaban de recibir unha subvención europea para desenvolver, a través dun convenio cunha asociación de axuda a persoas con enfermidade mental, actividades de carácter ocupacional e de orientación vocacional. A duración deste convenio de colaboración é de 6 anos e o seu obxectivo a nivel estratéxico é mellorar a calidade de vida das persoas con enfermidade mental a través dunha oferta de actividades ocupacionais. Con iso, está a ofrecerlle participar de un...**

- a) Plan
- b) Programa
- c) Proxecto
- d) Ningunha é correcta

### **Preguntas reserva suposto 2**

---

**149.- De acordo co artigo 40 da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia o órgano superior consultivo e de participación do Sistema galego de servizos sociais que está adscrito ao departamento da Xunta de Galicia competente na materia é:**

- a) O Observatorio Galego de Benestar Social.
- b) O Consello Galego de Benestar Social.
- c) A Axencia Galega de Servizos Sociais.
- d) Mesa Xeral de Negociación das Administracións públicas.

**150.- De acordo co artigo 45 da lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia o departamento da Xunta de Galicia con competencias en materia de servizos sociais elaborará un Plan Estratéxico de servizos sociais cada:**

- a) 10 anos
- b) 5 anos
- c) 3 anos
- d) 6 anos

**151.- De acordo coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia en Galicia, o Observatorio Galego da Familia e a Infancia:**

- a) É un órgano colexiado permanente de participación e consulta da Xunta de Galicia.
- b) É un órgano colexiado que planifica e desenvolve as políticas que lle afectan.
- c) É un órgano colexiado de carácter asesor e de apoio, análise, investigación, estudo e proposta de actuacións na materia de familia e infancia.
- d) A súa composición e funcións estableceranse a través dunha orde.